

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O APOIO AO FUNCIONAMENTO EN CONDICIÓNS DE SEGURIDADE DA CATEDRAL NO ANO SANTO XACOBEO 21-22.

En Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Daniel Lorenzo Santos, na súa condición de Apoderado Xeral da S.A.M.I. Catedral de Santiago, en virtude do nomeamento efectuado ante notario con data 27 de abril de 2015.

As partes, segundo interveñen, reconécense reciprocamente personalidade xurídica e a capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular dos bens incorporados á lista do patrimonio mundial da UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago do que é meta e obxectivo final de peregrinación. A S.A.M.I. Catedral é un templo de culto católico sito en Santiago de Compostela, que acolle o sepulcro do Apóstolo Santiago, motivo polo cal é un dos principais destinos de peregrinación de Europa.

Terceiro.- A consideración deste 2021 como Ano Santo, cunha distancia temporal de once anos con respecto ao anterior (2010), converte ao Xacobeo 21-22 nun acontecemento excepcional e de transcendencia global que producirá unha afluencia peregrina moi importante, ligada ao espírito e á celebración do Xacobeo, coa consecuente aglomeración de persoas, o que implica a necesidade de reforzar o funcionamento en condicións de seguridade na Catedral de Santiago.

A isto súmase que, a consecuencia da pandemia xerada pola COVID-19 é imprescindible establecer medidas de coordinación e protección que garanten que o funcionamento da Catedral se desenvolva dun xeito adecuado en aplicación das medidas de seguridade sanitarias, o que supón a necesidade do reforzo da limpeza para manter unha hixiene exhaustiva, así como os suministros necesarios para poder levala a cabo adecuadamente.

Por outra parte, tamén é necesario dispor de dispositivos que permitan dar unha rápida resposta ante casos de emerxencia que puideran xurdir, como evitar a propagación de incendios, a asistencia sanitaria inmediata e de urxencia..., os cales será fundamental complementar cunha adecuada sinalización e megafonía. Non obstante, será preciso que a Catedral poida responder antes posibles danos a terceiros que se poidan ocasionar.

Todas estas medidas de seguridade, para que resulten efectivas, deberán estar coordinadas, para o cal, o persoal adicado ás funcións cotiáns da Catedral tamén deberá ser reforzado en aras da seguridade e protección dos peregrinos e visitantes.

Cuarto.- O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acollida e recepción das milleiras de persoas peregrinas que chegarán á Catedral de Santiago como meta do Camiño de Santiago nunhas

condicións óptimas de seguridade neste Ano Santo Xacobeo 21-22, xustifican o interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, non é posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que a S.A.M.I. Catedral é a única entidade que pode realizar as actuacións deste convenio, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita Lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago, para o apoio ao funcionamento en condicións de seguridade da Catedral de Santiago de Compostela.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións previstas neste convenio ascende á cantidade de 205.590,00 € (IVE incluído), que se distribúen do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE
Servizos xerais (limpeza, mantemento...) para garantir a seguridade do espazo catedralicio	59.463,00
Subministros (electricidade, auga, gasoil, seguros, etc) para garantir a seguridade da Catedral	68.954,00
Outros gastos para o funcionamento en condicións de seguridade da Catedral	77.173,00
TOTAL	205.590,00

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.481.0, proxecto 2018 00002 “Xacobeo 2021” cunha achega de 205.590,00 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta da entidade a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio.

Esta achega canalizarase a través de subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor da S.A.M.I. Catedral de Santiago, unha vez que ésta presente a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprabe a axeitada xustificación.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, responden á natureza da actividade subvencionada, de acordo coas previsións do orzamento recollido na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Conforme ao artigo 29.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coas actividades subvencionadas e son indispensables para a adecuada preparación ou execución das mesmas.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por ésta mediante unha declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA.- COMPROMISO DAS PARTES

1. A S.A.M.I. Catedral de Santiago obrígase a realizar todas as actuacións precisas para o correcto desenvolvemento deste convenio, para o que se compromete a :

- 1.1 Levar a cabo as actuacións obxecto do convenio e o cumprimento da súa finalidade.
- 1.2 Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o proxecto, que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, e incluír a marca do Xacobeo 21-22, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG nº1, do 2/01/2019).
- 1.3 Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- 1.4 Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- 1.5 Presentar, antes da sinatura deste convenio, os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, de conformidade co previsto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita Lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- 1.6 Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e previo o seu requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento, pola Consellería, das obrigas impostas no Título I desa Lei.
- 1.7 As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

2. A Axencia Turismo de Galicia obrígase a realizar as achegas económicas establecidas na cláusula segunda, como concesión directa dunha subvención á S.A.M.I. Catedral de Santiago para a realización das actuacións previstas no presente convenio.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para as mesmas finalidades, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou Organismos Internacionais.

De conformidade co previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custe da actividade subvencionada.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, directa nin subsidiaria, por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓNS E PAGAMENTO

1. As xustificacións dos fondos efectuaranse segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 48 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para o que a S.A.M.I. Catedral deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá con:

- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

- Facturas en documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, e a documentación acreditativa do pagamento. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou

cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra b) anterior.

d) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia deba solicitar o beneficiario, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se houbera realizado con anterioridade á sinatura do convenio.

f) No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que conste a colaboración da Xunta de Galicia e a marca do Xacobeo 21-22.

3. Deberá indicarse o número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos a esa conta.

4. A entidade tamén deberán presentar os certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecida no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, de conformidade co previsto nos artigos 11 e 13 do Regulamento desa Lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Á vista da documentación anterior, a Axencia Turismo de Galicia comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado, expedirá certificación acreditativa das verificacións realizadas e tramitará o pagamento correspondente.

6. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización deste convenio ata o 15 de novembro de 2021.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

8. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado da cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación. De conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, soamente deberá ser reintegrada ou, no seu caso, minorada a achega, polo importe que supere o custo total da actividade.

9. En todo caso, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións deste convenio, nos casos de variacións das contías previstas nas partidas establecidas no orzamento estimado da cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

OITAVA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA.

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, conforme ao artigo 63.1. Un do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 €, e dun 10 % adicional sobre o importe que exceda dos 18.000€.

2. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta, conforme ao artigo 62 do devandito Regulamento, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a S.A.M.I. Catedral de Santiago deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

3. A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

4. Conforme ao disposto no artigo 65.4.f) do citado Decreto 11/2009, a S.A.M.I. Catedral de Santiago está exenta da obriga de prestar garantía en pagamentos anticipados e á conta.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Proponer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O incumprimento do seu obxecto.
- b) O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- c) O acordo unánime das partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no seu artigo 6.

Seralle de aplicación a este convenio o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; o Regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo publicará o texto íntegro do convenio.

Ademais do anterior, aplicarase o previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Procederáse tamén á inserción do convenio no Rexistro Público de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que se puideran levar a cabo en virtude deste convenio se efectúe con absoluto respecto ás normas de seguridade, e conforme ao establecido no Regulamento 2016/179 (UE), Xeral de Protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo, e en base ao disposto no artigo 6.1.b do Regulamento 2016/179 (UE).

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

E en proba de conformidade, as partes asinan este convenio.

O presidente de Turismo de Galicia

O apoderado xeral da S.A.M.I. Catedral

D. Alfonso Rueda Valenzuela

D. Daniel Lorenzo Santos